

FEDERICO PATELLANI, o fotógrafo que retratou o Cangas da posguerra, 1946-1947.



O italiano Federico Patellani (Monza 1911, Milán 1977), home de cultura desbordante, foi un dos fotógrafos más importantes do século XX e considerado no seu tempo un ícono do "neorrealismo". A fortuna púxose do noso lado para descubrir unha ducia de fotos de aquel Cangas e que forman parte do arquivo que o fotógrafo F. Patellani ten no "Museo de Fotografía Contemporánea" de Cenesello-Balsamo (Milán), arquivo que ten 700.000 instantáneas entre fotos e negativos. Tras as súas fotos do seu paso por Galicia, sabemos que ademáis de en Cangas, estivo en Moaña (Tirán-O Con), Vigo, Baiona, Compostela, Santa Comba, e A Coruña, recollendo coa súa cámara costumes e modos de vida daqueles difíciles anos.

Tras abandoar a avogacía, oficio que compartiu co seu pai, un bo día colgouse a súa "Leica" ao ombreiro e emprendeu unha aventura por todo o mundo da que deixou infinidade de testemuñas. Chegada a Segunda Guerra Mundial, marchou de corresponsal ao frente ruso traballando de corresponsal para a revista "TIME" baixo o seudónimo de "Pat Monteroso", ademáis de facer crónicas para diversos xornais italianos.

Federico Patellani, ademáis da fotografía, tivo na pintura, na literatura, e no cinema, as súas grandes paixóns. No mundo do celuloide coincidiu no tempo coa época dourada do cinema italiano dos anos 50-60. Participou como fotógrafo cos grandes directores, entre eles Fellini, Luchino Visconti e Carlo Ponti, así como coas imaxes dos grandes actores da época como Sofia Loren, Ingrid Bergman, Victorio

ROMARIA DE DARBO

De Sica, a sensual Silvana Mangano, Lucia Bose, Marcelo Mastroniani, Totó e Gina Lolobrigida; todo un elenco que deu fe da calidade do retratista.

No ano 1952 fundou a súa propia axencia fotográfica, "Pat Photo Pictures". Coa súa obra fixérонse exposicións en todo mundo e Madrid foi unha das cidades afortunadas, tanto no ano 1999, coma no 2007.

Na sua visita a Cangas, entre os anos 1946-47, retratou a vida dun pobo que vivía do mar, reflexado nos seus barcos de pesca, nos aparellos, nas lavandeiras, nas nenas e nenos pola rúa e nas sobrias casas de pedra do barrio de Singulis, coa roupa tendida nos seus balcóns.

Federico morreu a idade de 65 anos, o 10 de febreiro de 1977, en Milán.

O edificio do "Museo de Fotografía Contemporánea" de Cinesello-Balsamo (Milán) custodia os fondos fotográficos de F. Patellani. Postos en contacto coa súa directora a Sra. Maddalena Cerletti, facilitousenos o camiño para poder proxectar as fotografías de aquel Cangas, que retratan dunha maneira real a vida cotidián dun pobo mariñeiro.

Como final queremos mostrarlle, como non podía ser doutra maneira, noso agradecemento a Sra. Maddalena Cerletti por permitirnos ter acceso a estas fotos de Cangas de un tempo para olvidar, cheo de dificultades.

ANTONIO GRAÑA e LOIS GUIMERÁNS.



ROMARIA DE DARBO

FEDERICO PATELLANI



MUSEO FOTOGRAFIA
CONTEMPORANEA



MUSEO FOTOGRAFIA
CONTEMPORANEA

FEDERICO PATELLANI

